

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE AGOSTO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 12 de agosto de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 7 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente de D^a. Patricia Rodríguez Calviño
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe de servizo (asiste aos puntos 4a e 5b)
D. Jesús López Moure, xefe de servizo (asiste aos puntos 7a e 9a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)”**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
 2. ASFALGAL TECNICOS VIARIAS, S.L.
 3. VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA
 4. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 5. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
 6. NAROM, S.L.
 7. HORDESCON, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A345-E3BBB9-A3414D-JKRS7Z-X55KAG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
9. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
10. MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.
11. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
12. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.

4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas de interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 9 de agosto de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo o 9 de agosto de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

5.- Apertura económica

a) Procedemento aberto das obras de “reforzamento de firme na Avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)”

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	85.872,37 €
2	ASFALGAL TECNICOS VIARIAS, S.L.	96.519,73 €
3	VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA	96.982,06 €





	Licitador	Redución do prezo
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	98.178,70 €
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	106.867,20 €
6	NAROM, S.L.	94.373,29 €
7	HORDESCON, S.L.	109.369,99 €
8	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	98.978,00 €
9	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	90.753,34 €
10	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	93.772,58 €
11	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	86.924,74 €
12	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	80.596,28 €

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI **.62.26*, en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Nº servizos intermediación ofrecidos a maiores	Implementación da opción avanzada da Carpeta Cidadá	Incremento prazo mínimo garantía (anos)
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	151.250,00	5,00	si	2,00

O licitador presenta o orzamento detallado e o listado dos servizos ofrecidos que sustentan o proposto na súa oferta, ambos documentos esixidos no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En cumprimento do previsto na cláusula 16.3 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula") a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a IMATIA INNOVATION, S.L. a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula de acordo co apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP (50 puntos) co seguinte detalle:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A345-E3BBB9-A3414D-JKRS7Z-X55KAG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo	Nº servizos intermediación ofrecidos a maiores	Implementación da opción avanzada da Carpeta Cidadá	Incremento prazo mínimo garantía (anos)
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	22 puntos	11 puntos	12 puntos	5 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada ao licitador pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor no informe do 9 de agosto de 2019 (50 puntos), asígnase a IMATIA INNOVATION, S.L. a seguinte puntuación total:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	50 puntos	50 puntos	100 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigoo (9.769-612)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitadores	Porcentaxe de redución do prezo unitario
1	EULEN, S.A.	7,50%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A345-E3BBB9-A3414D-JKRS7Z-X55KAG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2	SAMYL, S.L.	7,00%
---	-------------	-------

SAMYL, S.L. non achega o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Conceder un prazo de tres días a SAMYL, S.L. para que presente o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I e na cláusula 14.2.C) do PCAP.
2. Solicitar informe sobre a documentación económica ao servizo xestor.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación, entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 6 de agosto de 2019, dando conta da concorrencia de causas de exclusión e das ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda:

- A) Excluir do procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan en base aos motivos recollidos no referido informe do 6 de agosto e de acordo co previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:
1. TEMPO FACILITY SERVICES: *“o orzamento detallado ascende a 8.465.430,23 € (IVE engadido) e a oferta económica propón un prezo 8.266.686,24 € (IVE engadido), polo tanto existe diferenza entre o importe total do orzamento detallado e a oferta económica, a cal supón unha variación superior ao 2% polo que a oferta debe ser excluída do procedemento de licitación (cláusula 7.B.B1, b das FEC)”*.
 2. LIMPEZAS FARO S.L.: *“o orzamento detallado ascende a 8.480.827,08 € (IVE engadido) e a oferta económica propón un prezo 8.266.962,00 € (IVE engadido), polo tanto existe diferenza entre o importe total do orzamento detallado e a oferta económica, a cal supón unha variación superior ao 2% polo que a oferta debe ser excluída do procedemento de licitación (cláusula 7.B.B1, b das FEC)”*.
 3. UTE OHL SERVICIOS INGESAR E INGESER ATLÁNTICA:

- *“O orzamento detallado ascende a 8.453.551,85 € (IVE engadido) e a oferta económica propón un prezo 8.249.067,04 € (IVE engadido), polo tanto existe diferenza entre o importe total do orzamento detallado e a oferta económica, a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A345-E3BBB9-A3414D-JKRS7Z-X55KAG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cal supón unha variación superior ao 2% polo que a oferta debe ser excluída do procedemento de licitación (cláusula 7.B.B1,b das FEC).

- O orzamento presentado polo licitador incorre en incongruencias inxustificadas no caso dos custes de persoal. No orzamento detallado non se xustifica o custe do persoal coa carga mínima establecida no PPT, plan de servizos, existindo unha variación superior ao 2% respecto do orzamento previsto”.

4. MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.:

- “O orzamento detallado ascende a 8.006.482,78 € (IVE engadido) e a oferta económica propón un prezo 7.828.897,38 € (IVE engadido), polo tanto existe diferenza entre o importe total do orzamento detallado e a oferta económica, a cal supón unha variación superior ao 2% polo que a oferta debe ser excluída do procedemento de licitación (cláusula 7.B.B1,b das FEC).

- O orzamento presentado polo licitador incorre en incongruencias inxustificadas no caso dos custes de persoal. No orzamento detallado non se xustifica nin sequera minimamente o custe do persoal coa carga mínima establecida no PPT, plan de servizos, existindo unha variación superior ao 2% respecto do orzamento previsto.

- O modelo de orzamento detallado apártase substancialmente do modelo establecido no anexo IX das PCAP (a destacar especialmente que non cumpre coa obriga de desglosar o referido aos custes de persoal)”.

B) Iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACTÚA, SERVICIOS Y MEDIO AMBIENTE, S.L. por ter formulado unha oferta incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación do 7 de agosto de 2019, sobre as ofertas incurso en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incurso en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. SAMYL, S.L.
2. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A345-E3BBB9-A3414D-JKRS7Z-X55KAG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. EULEN CEE, S.A.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que o 31 de xullo de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 6 de agosto de 2019 o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que a oferta de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. **“garantizaría os custos salariais dos tres postos en aplicación do convenio colectivo do sector (Convenio Colectivo Autonómico de eventos, servizos e producións culturais de Galicia (DOG nº 69 de 14 de abril de 2015))”**.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

9.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46



Orde	Licitadores	Puntuación total
3	EULEN, S.A.	70,92
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A345-E3BBB9-A3414D-JKRS7Z-X55KAG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		